

# FIC 2024

ANDAINA

BASES FESTIVAL



## VIII FESTIVAL INTERNACIONAL DE CURTAMETRAXES E DIVERSIDADE FUNCIONAL

★★★★★

Do 21 ao 28 de Abril  
Multiusos da Xunqueira  
Redondela

★ ORGANIZA

★ COLABORA

 **ASCEDAN**



**ASOCIACIÓN  
ANDAINA**

CONCELLO DE  
REDONDELA

 **DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA**

O **Festival** componse das seguintes **seccións**:

### **TRES COMPETITIVAS:**

#### **1. Sección Ficción**

Unha selección de 10 traballos elixidos pola comisión avaliadora, entre as películas de ficción presentadas a concurso por profesionais do sector.

#### **2. Sección Documental**

Unha selección de 4 traballos documentais elixidos pola comisión avaliadora, presentadas a concurso por profesionais e non profesionais do sector.

#### **3. Sección Novel**

Selección de traballos non profesionais de ficción ou documental, levados a cabo e producidos por centros educativos e centros de atención a persoas con Diversidade Funcional.

### **NON COMPETITIVA:**

#### **A. Sección infantil**

Unha selección de películas de animación, elixidas pola comisión avaliadora, para público infantil, que serán proxectadas en sesións escolares.

**O Festival celebrarase en Redondela (Pontevedra) do 21 ao 28 de Abril de 2024 con sede Principal nas instalacións do Multiusos de A Xunqueira (paseo da Xunqueira s/n).**

### **1) TEMÁTICA**

Todas as películas basearan o seu guión na diversidade funcional ou estarán protagonizadas por persoas con discapacidade (neste caso a temática pode ser libre)

### **2) ÁMBITO**

As seccións profesionais de ficción e documental son de ámbito internacional, coa obriga de estar gravadas en galego ou castelán, de non ser así, será obrigatorio que estean subtituladas en calquera dos idiomas requiridos.

A sección novel é de ámbito nacional, dando preferencia as obras producidas na comunidade Galega, e igualmente terán que estar gravadas ou subtituladas en galego ou castelán.

### **3) DURACIÓN**

A duración das obras de ficción da sección profesional e novel, será superior a 2 minutos e inferior a 20 minutos, e os documentais, cuxa duración non será superior a 10 minutos.

### **4) DATAS DE PRODUCCIÓN**

Admitiranse como máximo dúas obras por autor. Estas deberán ser producidas con posterioridade ao 1 de xaneiro do 2021. Non poderán presentarse películas que foran seleccionadas finalistas nas edicións anteriores.

### **5) ACCESIBILIDADE**

A comisión avaliadora, terá en conta positivamente a hora de facer a selección, que as películas estean subtituladas para persoas xordas. Do mesmo xeito, agradácese que si teñen versión en audiodescripción, tamén a poñan a disposición do festival.

**Non se aceptarán** películas subtituladas en **idioma diferente o español ou galego.**

### **6) PREMIOS**

**Sección Ficción:** Premio do xurado, Premio económico + estatuilla.

**Sección Ficción:** Premio do público, Premio económico + estatuilla

**Mellor actriz/actor de reparto:** Premio económico + estatuilla

**Sección Documental:** Premio económico + estatuilla.

**Sección Novel:** Premio económico + estatuilla.

Para recibir a figura será obrigatorio asistir á gala de clausura do festival.

### **7) AUTORIZACIÓNS**

Os autores das obras cederán ao Festival, durante a celebración do mesmo, os dereitos de explotación destas, consistentes na reprodución, comunicación e distribución pública das mesmas, así coma en posteriores exhibicións que puidera facer a Asociación Andaina con fins culturais ou educativos, os cales exercitaranse sempre co recoñecemento da súa condición de autor, excepto manifestacións en contra. Asimesmo, as películas gañadoras nas diferentes seccións, poderan ser exhibidas en posteriores festivais culturais en nos que o Festival FicAndaina teña representación.

### **8) DEREITOS A TERCEIROS**

Os concursantes responsabilízanse de que non existan dereitos a terceiros polo uso das pezas musicais nas obras presentadas e se responsabilizan tamén dos dereitos de imaxe das persoas que aparezan nelas, así coma dos menores, eximindo a Organización de calquera tipo de responsabilidade neste sentido.

### **9) CUMPRIMENTO DAS BASES**

A Organización do Festival resérvase o dereito de excluír todas aquelas obras cuxo contido sexa obsceno, violento, sexista, racista ou vulnere algún dereito fundamental das persoas. Do mesmo xeito, non terá en conta para a selección, aquelas películas que non cumpran estas bases.

### **10) REXISTRO**

As curtametraxes enviaráanse o festival en formato dixital a través das plataformas:

**[www.movibeta.com](http://www.movibeta.com)**

**[www.festhome.com](http://www.festhome.com)**

**[www.clickforfestivals.com](http://www.clickforfestivals.com)**

**O prazo de recepción das obras finaliza o 31 de decembro de 2023, fóra da sección novel**

**Que finaliza o 31 de xaneiro de 2024.** A organización reservase o dereito de modificar estas regras si é necesario.

### **INSCRICIÓN**

- As películas a concurso enviaranse ao festival exclusivamente a través das plataformas dixitais:  
**[www.movibeta.com](http://www.movibeta.com), [www.festhome.com](http://www.festhome.com) e [www.clickforfestivals.com](http://www.clickforfestivals.com)**
- **Os participantes farán chegar súas copias antes do 31 de Decembro de 2023** as plataformas mencionadas incluíndo a seguinte información: 3 fotografías en formato dixital de calidade da curtametraxe. Copia do DNI en formato dixital da persoa representante da curtametraxe, así coma medio de contacto coa persoa responsable.
- Agradecerase: Unha imaxe dixital do cartaz da curtametraxe -Calquera outra información de interese (enlaces a trailers, enlaces a making-of, páxina web, dossier de prensa, fichas, etc..)
- Do mesmo xeito, agradecerase que xunto coa información da película, se apunte a relación desta coa diversidade funcional, requisito indispensable para participar (guión ou actores con discapacidade).



# FESTIVAL INTERNACIONAL DE CURTAMETRAXES E DIVERSIDADE FUNCIONAL

- O tratarse dun festival adicado a diversidade funcional, terase en conta que as películas veñan subtituladas en castelán ou galego, para facilitar o acceso ao cine as persoas con discapacidade auditiva.
- Toda a documentación requirida, pasará a formar parte do material da organización para a videoteca do festival.
- Os gastos derivados do envío dixital do material correrán por conta dos participantes.
- O cumprimento dos requisitos de inscrición é condición obrigada para a participación no concurso. Calquera deficiencia, dato incompleto, ou documentación non enviada suporá a non participación no concurso.
- Non se admitirán envíos postais.
- Datos de Contacto co Festival

**ASCEDAN (Asociación cultural e deportiva Andaina)**  
**Asociación Andaina de Persoas con Diversidade Funcional**

**Antonio García, Director do Festival**  
**e-mail: [ficandaina@gmail.com](mailto:ficandaina@gmail.com)**